

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á transferencia da estrada OU-701 da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

Dende En Marea consideramos que as estradas son un dos principais eixos de desenvolvemento das localidades e os territorios. O comercio, o turismo, a industria e a supervivencia das pequenas empresas dependen en boa parte da existencia de accesos rápidos e seguros.

É obriga das Administracións Públicas, neste caso da Xunta de Galiza, contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do país e traballar para mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños cunha estrada adecuada aos tempos actuais.

A mellora desta vía non só permitiría que se facilitaran os desprazamentos intracomarcais e intramunicipais, senón que tamén suporía un acceso para os usuarios desde a futura estación ferroviaria da Gudiña e desde a A-52. Lembrar tamén que é a principal vía de acceso de todo o norte de Portugal á Estación Invernal de Manzaneda.



A estrada OU-701 é fundamental para esta comarca, pois o 30% das entradas ao Xeodestino Manzaneda-Trevinca teñen lugar por ela e máis do 50% das chegadas á estación invernal e de esquí tamén.

O percorrido da actual OU-701, comeza no entronque coa OU-536, pasando durante os seus 33 quilómetros polos concellos de Pobra de Trives, Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Solicitar á Deputación de Ourense a transferencia inmediata da estrada OU-701 e a maior celeridade nos trámites e prazos para facer efectiva tal transferencia.
- 2) Incluír a obra de mellora do trazado e o deseño da estrada, que arrancando en Viana, segue por Vilariño de Conso, Manzaneda ata o seu entroncamento coa OU-536 en Trives, nos seus plans de actuación máis inmediatos, de forma que á maior brevidade posible se acometan as obras en beneficio de todos os usuarios da devandita vía de comunicación.
- 3) Asumir o compromiso de que a devandita obra vai ser considerada prioritaria e que, polo tanto, vai quedar á marxe de calquera posible atraso.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/06/2018 16:47:56

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 16:48:05